



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO PARA O DIA MÉRcores 12 DE XANEIRO DE 2022

Visto que o 30 de decembro de 2021 catro membros da Corporación Municipal solicitan a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno para tratar varios asuntos. De acordo ao establecido no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o prazo máximo para realizar esta sesión sería o 21 de xaneiro de 2022.

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 24 de xuño do 2019,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: mércores 12 de xaneiro de 2022
- ➔ Hora: 11:00
- ➔ Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. EXPLICACIÓN DAS CAUSAS DOS INCUMPRIMENTOS DOS PRAZOS INICIALMENTE ESTABLECIDOS ASI COMO DOS REAXUSTES QUE SE FORON PRODUCINDO CON EXPLICACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS DOS MESMOS. ANO 2021.
2. EXPLICACIÓN DOS TRABALLOS REALIZADOS E DO ESTADO ACTUAL DA TRAMITACIÓN DA REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO (PEPRICH). ANO 2021.
3. EXPLICACIÓN DOS TRABALLOS REALIZADOS E DO ESTADO ACTUAL DE TRAMITACIÓN DA REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DA EXCOLEXIATA DE SANTA MARIA DE IRIA FLAVIA E O SEU ENTORNO. ANO 2021.
4. EXPLICACIÓN DOS TRABALLOS REALIZADOS E DO ESTADO ACTUAL DA TRAMITACIÓN DA REDACCIÓN DO NOVO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL OU, NO SEU CASO, INFORMACIÓN SOBRE A PREVISIÓN SOBRE A DURACIÓN DA SUSPENSIÓN DO CONTRATO. ANO 2021.
5. INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL A CUMPRIR O ACORDO PLENARIO DO 27/12/20.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día na Secretaría municipal de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.

- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Antonio Fernández Angueira